

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5369 *Real decreto lei 7/2015, do 14 de maio, polo que se conceden créditos extraordinarios e un suplemento de crédito por importe de 856.440.673,35 euros no orzamento do Ministerio de Defensa, para atender o pagamento de obrigas correspondentes a programas especiais de armamento e a realización doutras actuacións do departamento.*

Este real decreto lei ten como finalidade conceder varios créditos extraordinarios e un suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Defensa por importe total de 856.440.673,35 euros para atender o pagamento de obrigas contractuais correspondentes a programas especiais de armamento (PEA), para cubrir necesidades do Plan xeral de municionamento e para a realización de obras no Hospital Militar Central da Defensa «Gómez Ulla», no marco de actuacións relacionadas co abrocho de ébola en España.

1. Obrigas contractuais correspondentes a programas especiais de armamento (PEA).

Os programas especiais (PEA) son aqueles derivados do Acordo entre os ministerios de Defensa e de Industria, Enerxía e Turismo, destinados ao desenvolvemento e á fabricación de equipamentos e de sistemas de armas, nos cales converxen dúas características claves: estar prefinanciados en todo ou en parte con créditos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, e efectuar os pagamentos desde o Ministerio de Defensa a partir do momento da súa recepción e posta en servizo. A elección está determinada por unha combinación de necesidades político-estratéxicas, económicas, industriais e tecnolóxicas; así mesmo, son de enorme importancia para o tecido industrial español e requiren gran cantidade de recursos financeiros.

Con estes equipamentos e sistemas de armas preténdense satisfacer as necesidades da modernización das nosas Forzas Armadas, dotándoas dos mellores sistemas de armas, equipamentos e infraestruturas de apoio para o cumprimento das súas misións, buscando primordialmente:

a) Acadar un estándar operativo que permita responder e afrontar os riscos e as ameazas relativos á defensa da soberanía española.

b) Cumprir os compromisos adquiridos entre os Estados membros da UE en desenvolvemento da política común de seguridade e defensa para cumprir as funcións enumeradas no artigo 28 do Tratado de Lisboa.

c) Responder aos compromisos internacionais adquiridos por España contidos na iniciativa de capacidades de defensa (DCI) da OTAN, posteriormente redefinidos «Compromisos das capacidades de Praga».

O sistema de financiamento está baseado en anticipos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo destinados á investigación e ao desenvolvemento; o pagamento das adquisicións realízase con orzamento do Ministerio de Defensa, momento en que o fabricante devolve os anticipos ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

A evolución da economía mundial, e particularmente a española, provocou a continua redución dos recursos financeiros das diferentes seccións do orzamento do Estado. Como consecuencia, os niveis de compromiso de pagamentos alcanzados nos acordos de adhesión e/ou contratación de modernización e, en particular, dos PEA, foron diverxendo da capacidade financeira do departamento. Isto obrigou a realizar sucesivas reprogramacións co fin de adaptar as previsións, reconducindo os créditos cara a aquelas partidas con maior prioridade; todo isto buscando asegurar o mantemento dos niveis

mínimos que garanten a operatividade das unidades outorgando unha maior atención ás forzas desprazadas en escenarios de conflito e ao sostemento dos medios que melloran a súa seguridade.

A insuficiente dotación orzamentaria obriga a proporcionar financiamento adicional para cubrir os compromisos financeiros que derivan dos compromisos contractuais axustados. Dado que a Administración está obrigada a atender o pagamento de obrigas contractuais; e, xunto con isto, a necesidade de non demorar o seu aboamento para non causar prexuízos a terceiros, constitúen as razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión do crédito extraordinario mediante real decreto lei.

2. Plan xeral de municionamento.

O Plan xeral de municionamento define e recolle todas as necesidades relativas á munición cuxa obtención se prevé dentro do tempo de duración do plan ata 2025.

A capacidade de investimento anual da cal se vén dispendo nos últimos anos resulta insuficiente para cubrir as necesidades de munición, á vez que para manter os compromisos contractuais adquiridos e o mantemento do armamento e do material actualmente en inventario. Como consecuencia disto, a actual capacidade de investimento destínase a cubrir as necesidades de munición para adestramento e preparación da forza, polo que quedan relegados a un segundo plano o financiamento da constitución e o mantemento da reserva de guerra.

Por isto suscítase a necesidade de dispor dun crédito extraordinario que permita remediar algunhas destas carencias neste ano 2015, enfocando as adquisicións cara a unhas necesidades concretas, buscando resolver as carencias que presentan os niveis de certo tipo de municións.

3. Actuacións relacionadas co abrocho de ébola en España.

Polo Real decreto lei 14/2014, do 7 de novembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito para financiar actuacións de distintos departamentos ministeriais, aprobáronse créditos extraordinarios no orzamento do Ministerio de Defensa por importe de 7.472.003,38 euros para atender necesidades derivadas do abrocho de ébola en España. No dito importe inclúese a cantidade de 2.500.000 euros para levar a cabo a remodelación da planta 22 do Hospital Central da Defensa «Gómez Ulla», nos exercicios 2014-2015.

Segundo se recolle no preámbulo do indicado real decreto lei, o custo das medidas non cubertas polos créditos extraordinarios atenderíase en execución no orzamento para 2015.

O importe da remodelación do Hospital Central da Defensa para o ano 2015 ascende a 4.000.000 euros, importe polo cal se tramita o suplemento de crédito.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de maio de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Concesión de créditos extraordinarios no orzamento do Ministerio de Defensa.*

1. Autorízase un crédito extraordinario no orzamento da sección 14 «Ministerio de Defensa», servizo 03 «Secretaría de Estado da Defensa», programa 122B «Programas especiais de modernización», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 65 «Investimentos militares en infraestruturas e noutros bens», concepto 659 «Para atender o pagamento de

obrigas correspondentes a programas especiais de armamento e material», por un importe de 846.440.673,35 euros, co seguinte detalle por subconceptos:

Subconcepto	Denominación	Importe (en euros)
659.01	Fragatas F-100	6.000.000,00
659.02	Carro C. Leopardo	1.452.000,00
659.03	Avión EF-2000	399.669.062,52
659.04	Avión A-400	154.420.774,54
659.05	Buque LLX	2.742.730,00
659.06	Helicóptero Tigre	68.872.428,40
659.07	Vehículo C.Pizarro	60.000.000,00
659.08	Mísil Iris-T	1.493.846,50
659.09	Buque BAC	1.000.000,00
659.10	Obús Rema 155/52	10.000.000,00
659.11	Mísil Taurus	10.245.629,76
659.12	Helicóptero NH-90	45.643.291,29
659.13	Mísil SPIKE	20.000.000,00
659.14	Fragata F-105	6.577.712,23
659.15	Buque BAM	999.998,11
659.16	Helicóptero UME	2.158.000,00
659.17	Avión UME	10.000.000,00
659.18	Nodos CIS UME	5.965.200,00
659.19	Helicóptero EC-135	39.200.000,00
	Total	846.440.673,35

2. Autorízase un crédito extraordinario no orzamento da sección 14 «Ministerio de Defensa», servizo 03 «Secretaría de Estado da Defensa», programa 122A «Modernización das Forzas Armadas», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 65 «Investimentos militares en infraestrutura e outros bens», concepto 651 «Plan de municionamento», por importe de 6.000.000 euros.

Artigo 2. *Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Defensa.*

Autorízase un suplemento de crédito no orzamento da sección 14 «Ministerio de Defensa», servizo 03 «Secretaría de Estado da Defensa», programa 122A «Modernización das Forzas Armadas», artigo 65 «Investimentos militares en infraestrutura e outros bens», concepto 656 «Investimentos militares en infraestrutura e outros bens para necesidades derivadas do abrocho de ébola», por importe de 4.000.000 euros.

Artigo 3. *Financiamento dos créditos extraordinarios e do suplemento de crédito.*

Os créditos extraordinarios que se conceden no artigo 1 e o suplemento de crédito que se concede no artigo 2 financiaranse con débeda pública.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de maio de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY